

GUIA DIDÁCTICA



GAIA

MANUAL PARA O/A DOCENTE

4º a 6º de Educación Infantil
1º a 4º Educación Primaria

GUÍA DIDÁCTICA

Título: **GAIA**

Compañía: ENTREMANS

Destinatarios/as: Alumnado de 4º a 6º de EDUCACIÓN INFANTIL
Alumnado de 1º a 4º de EDUCACIÓN PRIMARIA

Xénero: DANZA CONTEMPORÁNEA

Áreas de traballo:

A peza traballa diferentes áreas de xeito interdisciplinar. Centrándose, fundamentalmente, nas *Áreas de Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais e na Área de Identidade e Autonomía persoal*; así como na área de *Comunicación e Representación*. Anatomía e Movemento. Expresión Corporal
Lingua Galega.

Sinopse:

O noso fogar, a Terra, está a cambiar rapidamente...

Debemos atopar unha forma de vida máis respectuosa para protexer o noso planeta e o medio ambiente.

GAIA perténcenos a tod@s. Podemos debuxar xunt@s, un mañá feliz e un mundo a toda cor



Xustificación:



O espectáculo está dirixido ao público infantil con idades a partir de 3 anos (Educación Infantil), pero con gran atractivo para rapaces de 1º a 4º de Educación Primaria, cunha linguaxe atractiva e sumamente coidada para captar a atención deste esixente público. A idea fundamental deste proxecto é achegar aos máis pequenos a un mundo de imaxes, que permita coñecer os recursos naturais, a importancia de coidar o noso hábitat, a súa conservación, reutilización e reciclaxe. Contamos ademais de coa danza e o espazo audiovisual, co traballo pictórico da artista polaca Gosia Trebacz, que dende o debuxo e a pintura axudará a potenciar os mensaxes que queremos que cheguen

aos máis pequenos/as. Unha marabillosa ferramenta que nos axuda a comprender dende a danza e a pintura, os contidos fundamentais coma: os ambientes básicos do planeta, os complexos procesos científicos e interaccións que producen o cambio climático.

Creemos que o arte na educación ten a misión de desenvolver aquelas sensibilidades creadoras que fan que a vida teña outro punto de vista. É unha actividade dinámica e unificadora cun rol vital na educación.

O ser humano aprende a través dos sentidos, estas capacidades de ver, ulir, sentir, oír, axudan a unha rica e variada interacción do home e o medio ambiente. Estas calidades naturais implican unha activa participación do individuo e o seu medio.

Canto maiores sexan as oportunidades para desenvolver a sensibilidade, maior será a oportunidade de aprender. O ser humano estase convertendo nun observador pasivo da súa cultura, antes que un constructor activo dela. Se tomamos a arte como parte esencial na educación pode que esta implicación responda pola diferenza que existe entre un ser humano creador e sensible e outro que non teña a capacidade para aplicar os seus coñecementos e que atopa dificultades nas súas relacións co ambiente. Os nosos antepasados estaban en contacto directo co medio, non só construían as súas casas e cultivaban o seu alimento, senón que ata facían a súa arte e a súa música. Nos últimos cincuenta anos esta realidade cambiou e os nenos/as actualmente teñen moi poucas oportunidades de construír un dique nun arroio, cavar un túnel ou facer unha casa nunha árbore. Está desaparecendo rapidamente a posibilidade de intervir persoalmente nun proxecto de natureza puramente física ou sensorial



A arte para os nenos/as é un modo de expresión, non o enmarcan dentro do campo da estética e a beleza externa. O arte está cheo das riquezas das texturas, do entusiasmo das formas, e da profusión da cor, e tanto o neno como o adulto deben estar capacitados para atopar satisfacción e alegrías nesas experiencias. Os nenos/as aprenden a camiñar sen ningunha comprensión intelectual do control motor que empregan. O neno/a crea con calquera grado de coñecemento. O acto da creación proporciónalle novos enfoques e coñecementos para desenvolver unha acción no futuro.

Unha das vantaxes da danza na Educación Infantil e na Educación Primaria é poder gozar e recrearse co movemento nun ambiente lúdico, enriquecer a expresión da afectividade e adquirir confianza en sí mesmos. A práctica do movemento facilita o perfeccionamento da harmonía persoal e social; así como que os rapaces fagan uso da súa imaxinación, se comuniquen e gocen ó grande .

Objetivos:


- Captar a atención e xerar interese polo tema proposto nesta peza.
- Achegar algúns coñecementos básicos da anatomía, a través da expresión corporal, enlazados coa observación e a comprensión do movemento; integrados dentro da área de Comunicación e Representación.
- Traballar conceptos e coñecementos básicos das áreas de Ciencias da Natureza e de Ciencias Sociais, en especial todos os relacionados co Planeta, as fontes de enerxía, co reciclaxe e a educación medioambiental.
- Xerar unha resposta positiva na comprensión do movemento e a súa aprendizaxe.
- Aceder a interacción inmediata e masiva que se propón o longo da peza.
- Que o material didáctico da peza poida servir de antesala a modo de presentación da educación ambiental, das ciencias Sociais e das Ciencias Naturais; para as futuras materias escolares as que se enfrontará o neno/a.
- Espertar inquietudes sobre a práctica de varias técnicas corporais (danza, mimo, teatro, ioga, relaxación, etc.)
- Crear un vínculo entre a mente do neno e o corpo .
- Queremos que o neno/a descubra as múltiples capacidades de movemento que posúe de acordo a súa idade e ó seu nivel de rendemento.

Metodoloxía

Buscaranse as diferentes posibilidades metodolóxicas e ferramentas que permitan interaccións entre centro-mestres-nenos/as-familia-bailaríns

A principal ferramenta que se utilizará será o xogo, xunto co movemento, buscando unha combinación entre actividades grupais e individuais que faciliten un desenvolvemento social e unha aprendizaxe tanto individual como grupal

Preténdese espertar a curiosidade no menor, as súas inquietudes e impresións serán as que guíen as diferentes actividades creativas que se poidan facer tanto na aula como en casa



Actividades

Actividades previas á actuación

A orde de realización das actividades é suxerida, pero non ten por qué seguirse así. Estas só son unhas pautas que cada docente pode adaptar ás súas necesidades e ao seu grupo

Visitamos un Teatro. Imos á Danza!

Os días anteriores a realizar a visita ao Teatro podemos aproveitar para falar cos rapaces dos seus hábitos culturais. Con qué frecuencia van ao Teatro. Qué espectáculos veron (Danza, Teatro, Circo, Maxia, Títeres...). Si saberían explicar algún espectáculo que xa veran.

É importante falar con eles das normas dun teatro e do que vai suceder unha vez que entren. A nosa butaca. O silencio. O respecto. A escoita. A atención. O desfrute.

A transformación da sala (luzes, escuridade, música). O momento en que se apagan as luces dunha sala é un momento no que ás veces pode haber algún choro e/ou algún susto. Para evitalo podemos ensaiar en clase ese momento e facelo dun xeito alegre e divertido. Oscurece a túa clase, encende algunha linterna, pon unha música suave... Faino diferentes veces e de distintos feitos (que se senten, que todos bailen, que uns bailen e outros sexan público...)

É importante falar tamén de qué elementos compoñen un espectáculo: A escenografía, a música, as luces, o vestiario, os artistas...

Falade sobre a propia peza que ides ver. Visita a páxina web da Compañía Entremans (<http://www.ciaentremans.com>) e a información do espectáculo *Gaia*. Falade das bailarinas e do traballo que van realizar

O Corpo Baila!

Falade das partes do corpo (Brazos, ombreiros, pernas, pes, mans...). Poñédevos todos en pé nun espazo o máis amplo e baleiro posible. Que cada neno/a elixa unha parte do seu corpo e faga un movemento con ela. A continuación todos/as deben facer o mesmo movemento. Fácedo cos diferentes rapaces e intentade unir o maior número de movementos seguidos... Así crearedes a vosa coreografía!



Actividades previas ou posteriores á actuación

O Cambio Climático e as 3 RRR

Investigade sobre o cambio climático!! Que é? Que sucede? Falade de cómo aumentan as temperaturas, derrétese os polos, sobe o nivel do mar e quéntanse as súas augas. Isto fai que se altere o clima e que se adianten as estacións. A poboación aumenta, medran as cidades e destrúense moitos espazos naturais. Os animais e as plantas non poden adaptarse a estes cambios bruscos e moitas especies comezan a desaparecer.

Investigade sobre as 3 RRR. Reducir – Reutilizar – Reciclar

Falade de consellos e utilidades. Traballade cos vosos/as rapaces a concienciación medioambiental. Preguntade qué se lles ocorre e en que creen que poden axudar para coidar o noso planeta. Deixámosvos aquí algúns dos consellos que traballamos na peza que poden servir de guía:

- Muda a lámpada por unha de baixo consumo
- Apaga as luces innecesarias
- Regula o termóstato
- Non tires nada ó chan, emprega as papeleiras
- Cada material, no seu contedor
- Non desperdices a auga.

AS 3 RRR

- Reduce gastando menos enerxía
- Reutiliza antes de tirar ó lixo
- Recicla todo o que poidas.

ECO ~ CRUCIGRAMA

Xogade na aula facendo un Eco-Crucigrama.

Escribe na pizarra. Dependendo das idades dos rapaces, dádlle máis ou menos pistas. Pero podedes anotar só as iniciais ou tamén o número de letras que compón a palabra. Podedes facelo deixando que coincida a palabra RECICLA (Como na fotografía).

Outra opción é dar só as definicións e que os alumnos/as as acerten. Xogade!!!:

- Material usado *para* facer envases que se poden reutilizar. VIDRO
- Medio de transporte menos contaminante en distancias longas. TREN
- Nome do gas que dana a capa de ozono. CFC
- O sol, o vento, e auga tamén son fontes de. ENERXÍA
- Seres que están a desaparecer dos mares por mor da contaminación. CORAIS
- Actividade que en exceso pon en perigo a produción e as especies mariñas. PESCA
- Material que se emprega para escribir, debuxar ou empacotar cousas. PAPEL



As adiviñas (na aula)

Imos agora a traballar co protagonista do movemento e da danza: O noso corpo. Igual que fixechedes no exercicio anterior sobre o medio ambiente, traballade agora sobre o corpo, pero neste caso con adiviñas. Facer adiviñas. Debuxar as respostas.

*Como a pedra son duros
para o can un bó manxar
e sen eles non poderías, nin saltar
nin camiñar.*

(Os ósos)

*Parecen persianas
que soben e baixan.*

(As pálpebras)

*Cova con trinta e dous machacantes
que dispón dun só habitante*

(A boca)

As adiviñas (en casa)

Traballar adiviñas na casa. Sobre o corpo, sobre o medio ambiente, sobre fenómenos atmosféricos... Pedirle aos peques que falen cas súas familias (pai, nai, avós, irmáns...) e que cada un traia da casa unha adiviña relacionada con eses temas. Cada un debe dicir en alto unha adiviña que traia aprendida da casa e os seus compañeiros/as deben adiviñala.

A Moverse e a Bailar

As seguintes actividades son ideais para realizar nun espazo amplo, e o máis baleiro posible (Ximnasio, aula de usos múltiples...). Poden ter moitas adaptacións e posibilidades en función da idade e da destreza dos rapaces... deixemos volar a imaxinación e disfrutemos do movemento!!

Head, shoulders, kness and toes.

Traballar a Canción en inglés: Head, shoulders, kness and toes. (Localízase en Youtube en diferentes versións, coller a versión que máis convenza a cada profesor e/ou pai/nai)

- Aprender a coreografía
- Aprender a letra e traducir o seu significado a galego e/ou castelán

A pegatina

Deitados no chan en posición de estrela, a/o docente vai mencionando as partes do corpo e os nenos/as teñen que mostralas.

Dependendo da idade e da súa lateralidade, podemos utilizar os termos “Dereita e esquerda” ou senón “A un lado ou ao outro lado”

Por exemplo: un brazo arriba, dúas pernas arriba, cabeza arriba, un brazo e unha perna a un lado, brazos e pernas xuntos arriba e así sucesivamente.

A primeira parte do exercicio é coma se quixesen despegarse do chan, a pegatina busca saír, con esforzo e logo vaise acelerando o tempo e a pegatina finalmente se despega e sobe do chan.

A marioneta

Agrupados por parellas un nen@ fai de marioneta e o outro de titiriteiro. O titiriteiro fai moverse á marioneta, coidando de que os fíos imaxinarios non se enreden, ou sexa deben ir a modo, movendo cada parte do corpo. Intercambiar as parellas e ir modificando os ritmos, as velocidade e o movemento

O xogo combinado

Vanse combinando distintas partes do corpo. Por parellas un fronte ao outro, a/o docente di: cabeza-man e conectan a cabeza dun coa man do outr@.

Costas – pés ídem e así as combinacións que queiran

Ficha artística de GAIA

Dirección: **Kirenia C. Martínez e Estefanía Gómez**

Guión e dirección de escena: **Kirenia C. Martínez Acosta**

Coreografía e interpretación: **Kirenia C. Martínez e Estefanía Gómez**

Voz en *off*: **Ramiro Neira e Estefanía Gómez**

Espazo sonoro: **Carla López e Iago Mouriño**

Aderezo e decoración: **Equipo Creativo RTA (Xacobo) e Compañía Entremans**

Deseño de iluminación: **Equipo Creativo RTA (Diego)**

Animación/vídeo: **Ziwa**

Arte-Imaxe: **Gosia Trebacz**

Vestiario: **Santos Salgado e Compañía Entremans**

Asesoramento lingüístico: **Beatriz Corral**

Asesoramento medioambiental: **Noel Miguélez**

Produción e distribución: **Artestudio Xestión Cultural**

DEMO DA PEZA: <https://www.youtube.com/watch?v=hNX-o4mwYLg>

Máis información en:

<http://www.ciaentremans.com>

Compañía Entremans

Rúa Marina Nieto Alvarez, 12, baixo – 15009 – A Coruña
entremans@artestudioxestioncultural.com



Comentarios, suxerencias e avaliación

Estimado/a profesor/a:

Co fin de mellorar esta guía e/ou futuras guías doutros espectáculos, agradecemoslle que nos envíe un correo ou unha carta... que pode ser totalmente anónimo contestando aos seguintes puntos:

1. Provincia a que pertence o centro: _____
2. Tipo de centro (público, concertado, privado): _____
3. Curso/s cos que traballou esta Guía: _____

4. ¿Resultoulle útil esta guía?

Moito	Bastante	Algo	Pouco	Nada

Comentarios: _____

5. ¿Considera que a guía estaba ben redactada?

Moito	Bastante	Algo	Pouco	Nada

Comentarios: _____

6. ¿Considera que é unha guía completa?

Moito	Bastante	Algo	Pouco	Nada

Comentarios: _____

7. ¿Considera que está axeitada a estos ciclos educativos?

Moito	Bastante	Algo	Pouco	Nada

Comentarios: _____

8. ¿Gustoulle a peza de danza?

Moito	Bastante	Algo	Pouco	Nada

Comentarios: _____

9. ¿A partir de qué idade recomendaría a peza de danza? _____

10. Comentarios, suxerencias, propostas de mellora:

*Moitas grazas pola vosa colaboración!
Grazas por ir ao Teatro cos vosos/as nenos/as!*

Podes enviar esta avaliación polos seguintes medios:

- Correo electrónico: entremans@artestudioxestioncultural.com
- Correo postal:

ARTESTUDIO
Rúa Marina Nieto Alvarez, 12, baixo – 15009 – A Coruña
TLF: 981131819